

MANUAL DE USO

A BANDA DA AULA

XOSÉ TOMÁS (José Tomás Díaz Teijo)

A banda deseñada é un medio que todos coñecemos. Sabemos del, coñecemos algunhas obras, e todos limos algún libro que nos fixo pasar bos momentos.

Pero seguramente non o coñecemos en profundidade. Seguramente temos, incluso, prexuízos arredor dela: Algo para nenos? Algo exclusivamente humorístico? Un xénero “menor”?

Posiblemente descoñecemos algúns dos mellores autores europeos, ou xaponeses, ou mesmo españois e galegos.

A BANDA DA AULA é un proxecto para entrar neste medio, coñecelo un pouco máis e, finalmente, disfrutalo.

A **navegación** neste espazo web é doada. Partimos dunha páxina principal, cun menú que nos leva aos seguintes apartados. Non temos máis que deixarnos levar por eles para ir aprendendo e practicando. Podemos volver atrás (e adiante) tantas veces o desexemos. A lectura e a visita non ten por que ser lineal. Podemos entrar directamente en **OS CÓDIGOS** se queremos aprender algo sobre, por exemplo, viñetas. Pero despois podemos volver a **FLAHBACK** para saber algo da historia deste medio.

É importante considerar este proxecto como un punto de partida, unha axuda, un complemento aos nosos coñecementos.

Se somos mestres e profesores, podemos utilizalo para aprender nós mesmos/as, e tamén para aprender co noso alumnado, xuntos.

Se somos rapaces e rapazas, podemos entrar para saber máis dese xénero que tanto nos cativa cando entramos en contacto con el.

Se non somos nin docentes nin alumnos (bibliotecarios, familias, etc.), esta web pretende axudar a todos a coñecer e disfrutar a **BD**, posto que o coñecemento non debe entender de barreiras académicas.

Para calquera suxestión, consello ou dúbida, existe a posibilidade de poñerse en contacto co autor, na súa web persoal www.xosetomas.com.

QUE O DESFRUTEN!